

LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA: antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do 23 de abril de 2014, aprobou o acordo sobre a implantación dun sistema de admisión adicional para o acceso ao Sistema Universitario de Galicia dos estudantes de títulos superiores de formación profesional e dos estudantes procedentes doutros sistemas educativos, segundo o documento adxunto.


E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela a 9 de maio de 2014, co visto e praxe do sr. reitor.

Vº e praxe

O reitor



Juan J. Casares Long



ACORDO SOBRE A IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE ADMISIÓN ADICIONAL PARA O ACCESO AO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA DOS ESTUDANTES DE TÍTULOS SUPERIORES DE FORMACIÓN PROFESIONAL E DOS ESTUDANTES PROCEDENTES DOUTROS SISTEMAS EDUCATIVOS.

As modificacións introducidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, pola Lei Orgánica 8/2013, de 8 de decembro, para a mellora da calidade educativa, relativas ao sistema de acceso á universidade, fan necesario regular o procedemento de acceso á universidade dende determinados colectivos de estudantes, directamente afectados por la reforma.

Neste senso é preciso ter en conta as seguintes disposicións normativas:

Primeira: a disposición adicional trixésima terceira da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (introducida pola Lei Orgánica 8/2013, de 8 de decembro, para a mellora da calidade educativa), que regula o acceso dos titulados en Bacharelato Europeo e Internacional, e do alumnado procedente de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou doutros Estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais, equiparándoos aos titulados españois, sempre que cumpran os requisitos esixidos na citada disposición.

Partindo desta disposición a Secretaría General de Universidades do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, emitiu no mes de xaneiro unha NOTA INFORMATIVA relativa aos "*Requisitos de acceso e admisión ás ensinanzas oficiais de grao para os estudantes procedentes de sistemas educativos estranxeiros establecidos na Lei Orgánica 8/2013, de 8 de decembro, para a mellora da calidade educativa*", aplicables a partir do curso académico 2014-2015, na que sinala expresamente que:

*1.- Os estudantes procedentes doutros sistemas educativos (Bacharelato Europeo, Bacharelato Internacional, Alumnado procedente de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou de outros Estados cos que se teñan subscritos acordos internacionais), no vindeiro curso 2014-2015, poderán acceder á Universidade española **sen necesidade da superación da Proba de Acceso á Universidade e exclusivamente co criterio da cualificación final obtida no Bacharelato ou título equivalente.***

Segunda: o Art. 44 Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que permite aos estudantes con título de Técnico Superior o acceso aos estudos universitarios de grao, previa superación dun procedemento de admisión.

Terceira: o art. 38 Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (introducida pola Lei Orgánica 8/2013, de 8 de decembro, para a mellora da calidade educativa), que permite as Universidades regular procedementos de admisión que poderán incluír avaliacións específicas de coñecementos e de competencias.

Partindo desta regulación o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ditou, o pasado 3 de abril, unha segunda **NOTA sobre os procedementos de admisión nas ensinanzas universitarias oficiais de Grao de acordo coa nova regulación establecida na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación reformada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)**, establecendo que nos cursos académicos 2014-2015 a 2016-2017, as universidades poderán utilizar como criterio de valoración nos procedementos de admisión, a superación das materias da proba de acceso á universidade e a cualificación obtida nas mesmas, respecto dos estudantes incluídos nos seguintes apartados:

- a)
 - estudantes con título de Bacharel conforme ao Convenio que aproba o Estatuto das Escolas Europeas (Luxemburgo 1994).
 - estudantes con título de Bacharel internacional expedido pola Organización de Bacharelato internacional.
 - estudantes con título equivalente ao Bacharelato español procedente de sistemas educativos da UE, o doutros con Convenio, **sempre que cumpran ros requisitos de acceso ao sistema universitario dos seus países.**

- g)
 - estudantes con títulos oficiais de Técnico Superior de Formación Profesional.
 - estudantes con títulos oficiais de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño.
 - estudantes con títulos oficiais de Técnico Deportivo Superior do Sistema Educativo Español.
 - estudantes con títulos, diplomas ou estudos homologados ou declarados equivalentes.

- h)
 - estudantes con títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de Bacharel do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea, ou doutros Estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables a este respecto, en réxime de reciprocidade, **cando dichos estudantes non cumbran os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos para acceder as súas Universidades.**

- i)
 - estudantes con títulos, diplomas o estudos, obtidos ou realizados en sistemas educativos de Estados que no sexan membros da Unión Europea, cos que non se teñan

subscrito acordos internacionais para o recoñecemento do título de Bacharel en réxime de reciprocidade, homologados ou declarados equivalentes ao título de Bacharel do Sistema Educativo Español.

Tendo en conta a esixencia dun procedemento de admisión respecto dos estudantes con título de Técnico Superior, e que a admisión dos estudantes procedentes doutros sistemas educativos utilizando exclusivamente o criterio da cualificación final, causaríalles un claro prexuízo pola diferenza da cualificación de acceso, (10.0 puntos destes estudantes fronte á posible cualificación máxima de 14,0 puntos que poderá acadar o alumnado que realiza a PAU), e de acordo coas universidades de A Coruña e Vigo, o Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, con data 23 de abril de 2014,

ACORDA:

• Acceso ás Universidades do Sistema Galego de Universidades dos estudantes con Título de Técnico Superior e dos estudantes procedentes doutros sistemas educativos.

Primeiro: os estudantes que queiran acceder a algunha das Universidades do SUG, poderán realizar en calquera das Universidades públicas españolas a **Fase Específica da actual Proba de Acceso á Universidade**, aos efectos de aumentar, de ser o caso, a cualificación de acceso obtida conforme aos requisitos dos seus correspondentes sistemas de estudos, sempre que se encontren nalgunha das seguintes situacións académicas:

- a) estudantes que estean en posesión dun títulos oficial de Técnico Superior de Formación Profesional, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño, Técnico Deportivo Superior do Sistema Educativo Español, ou títulos homologados ou declarados equivalentes.
- b) estudantes procedentes doutros sistemas educativos (Bacharelato Europeo, Bacharelato Internacional, Alumnado procedente de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou de outros Estados cos que se teñan subscritos acordos internacionais en réxime de reciprocidade, **e cumpran os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos para acceder as súas Universidades**).

Segundo: os estudantes que queiran acceder a algunha das Universidades do SUG, poderán realizar a **Proba de Acceso á Universidade conforme ao establecido na normativa estatal**, sempre que se encontren nalgunha das seguintes situacións académicas:

- a) estudantes que estean en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de Bacharel do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou doutros Estados cos que se teñan suscrito acordos internacionais aplicables a este respecto, en réxime de reciprocidade, e **non cumbran os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos para acceder as súas Universidades.**
- b) estudantes con títulos, diplomas o estudos, obtidos ou realizados en sistemas educativos de Estados que non sexan membros da Unión Europea cos que non se teñan suscrito acordos internacionais para o recoñecemento do título de Bacharel en réxime de reciprocidade, homologados ou declarados equivalentes ao título de Bacharel do Sistema Educativo Español

Terceiro: os estudantes comprendidos no primeiro suposto (estudantes de Títulos superiores de Formación Profesional, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño, Técnico Deportivo Superior do Sistema Educativo Español, ou títulos homologados ou declarados equivalentes, e estudantes con bacharelato europeo ou internacional, ou títulos equivalente da UE que cumpran os requisitos de acceso á universidade nos seus países), **que desexen realizar a Fase Específica da PAU no Sistema Universitario de Galicia, deberán formalizar a súa solicitude de matrícula segundo as condicións e o calendario establecido a tal efecto pola CiUG.**

Cuarto.- As cualificacións obtidas na fase específica teranse en conta no proceso de asignación de prazas para iniciar estudos de grao no Sistema Universitario de Galicia.